



RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA 2013

De acordo co establecido no artigo 176 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a non aprobación do orzamento anual da Universidade antes do día un de xaneiro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.

Tendo en conta que non é posible aprobar o orzamento para o ano 2013 antes da data citada, esta reitoría RESOLVE:

1. Prórroga.

Prorrógase o orzamento da Universidade de Santiago de Compostela do exercicio 2011

2. Contía.

A contía do orzamento prorrogado será de douscentos vinte e oito millóns oitocentos corenta e tres mil novecentos sesenta euros, distribuídos nos seguintes capítulos:

INGRESOS		228.843.960,00
Capítulo III.-	Prezos públicos e outros ingresos	41.548.000,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	140.109.480,00
Capítulo V.-	Ingresos patrimoniais	713.000,00
Capítulo VII.-	Transferencias de capital	41.473.480,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros	5.000.000,00
GASTOS		228.843.960,00
Capítulo I.-	Gastos de persoal	149.260.000,00
Capítulo II.-	Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00
Capítulo III.-	Gastos financeiros	898.000,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	2.904.420,00
Capítulo VI.-	Investimentos reais	42.672.580,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros	6.920.000,00

3. Importe do crédito do orzamento prorrogado.

O crédito inicial das partidas do orzamento prorrogado será igual ao crédito inicial que tían no orzamento de 2011 (páxinas 37 á 53 da edición impresa/43 a 55 da edición web).

O crédito inicial do capítulo I é o aprobado no orzamento que se prorroga, non obstante mantéñense os compromisos de carácter estrutural aprobados durante o exercicio 2012, conforme ao artigo 34 da Lei 11/2011 do 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.



4. Criterios de non dispoñibilidade da prórroga.

A previsión de menores ingresos para o ano 2013 fai necesario unha retención cautelar no orzamento que se prorroga.

4.1. As porcentaxes de retención que se aplicarán sobre os créditos prorrogados, son:

Capítulo II o 25%

Capítulo IV o 50%

Capítulo VI o 80%

Os capítulos I, III, e IX o 0%

4.2. Os Responsables de Asuntos Económicos formalizarán estas retencións mediante autorizacións, que terán a seguinte codificación: CAUTELARXXXXYYYYY, sendo XXXX o código funcional e YYYYYY o código económico da correspondente partida. O Servizo de Control Interno fará o oportuno seguimento do cumprimento.

4.3. Non será de aplicación as retencións indicadas anteriormente a:

Créditos do Consello Social

Créditos para as Bibliotecas

Fondos de dotación de créditos para cursos de posgrao, proxectos, contratos e convenios de investigación.

Subvención á "Fundación USC Deportiva"

Crédito para Programas Educativos Europeos

Créditos para investimentos de reparacións e mellora asociados a subvención do plan de financiamento do SUG

5. Normas de execución.

Como consecuencia da prórroga, seguen en vigor as normas de execución do orzamento para 2011 e as complementarias dítadas nos exercicios 2011 e 2012, en todo o non modificado pola presente resolución.

6. Créditos derivados de financiamientos específicos (actividades de I+D+i, cursos de posgrao propio, etc).

O crédito do que poderán dispoñer estas actividades que teñan anualidade prevista no ano 2013 ou que sigan activos durante este exercicio, será o resultante da suma do remanente do exercicio 2012 e/ou a anualidade concedida para o ano 2013. Formalizaranse na contabilidade descentralizada mediante as figuras de "IR – Incorporación de remanentes", e "TP – Transferencia de crédito", respectivamente.

7. Créditos dos Departamentos.

Os responsables de asuntos económicos aperturarán ao inicio do exercicio (a partir do 7 de xaneiro) o crédito de cada departamento mediante unha modificación orzamentaria "TP" polo mesmo importe que foi distribuído no ano 2011 para gastos de funcionamento e desprazamento.



8. Disponibilidade no 2013 dos saldos dos créditos a 31/12/2012

Ata o peche da contabilidade do ano 2012, previsiblemente a finais de febreiro de 2013, os saldos dos créditos a 31/12/2012 do capítulo VI financiados con fondos propios habilitaranse provisoriamente no orzamento do 2013 nunha porcentaxe do 20%

9.- Cambios derivados da aplicación do modelo CANOA na adquisición de libros, revistas e outras publicacións.

Os créditos para a adquisición de libros, revistas e outras publicacións que ata o presente exercicio se viñan adquirindo polo concepto "627", a partir do presente exercicio se adquirirán polo concepto 220 en aplicación da regra 9ª do modelo CANOA (contabilidade analítica normalizada para organismos autónomos) que establece que estas adquisicións deben ser "consideradas como custo do curso académico e período orzamentario en que se produzan".

No orzamento prorrogado figurarán no concepto "627" os créditos para a adquisición de libros, revistas e outras publicacións que deberán ser posteriormente transferidos ao capítulo 2, -concepto "220".

10. Apertura do exercicio 2013 e contabilización de gastos

O exercicio económico 2013 abrirase en canto sexa tecnicamente posible, e desde ese momento poderanse facer as operacións contables necesarias.

Como excepción, non se poderán introducir facturas con IVE ata que se determine a porcentaxe de prorrata aplicable, previsiblemente nos primeiros días de febreiro.

11. Disposición adicional. Son de aplicación as disposicións adicionais contidas nas normas de execución dos orzamentos 2011 que prevén ditar as instrucións que sexan precisas por parte da Xerencia para a adaptación e desenvolvemento das Normas de execución, e tamén de aplicación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2012

O REITOR,

Juan José Casares Long

Sres/as Vicerreitores/as; Sra. Xerente; Sres/as Directores de Centros, Departamentos, Institutos Universitarios e Servizos; Sres/as Responsables de Asuntos Económicos